

(Aprobado pola Comisión de Investigación na súa reunión de data 14 de outubro de 2005)

BAREMO DE PRODUCCIÓN CIENTÍFICA

INTRODUCCIÓN

Parte do reparto orzamentario que se fai para os departamentos e para os institutos universitarios realízase segundo a súa produción científica, como un medio de potenciar un dos eixes fundamentais da universidade, a investigación.

Para iso ao longo da existencia da Universidade da Coruña empregáronse distintos baremos que foron cambiando segundo medraba a universidade así como a situación xeral da investigación no noso contorno. O último baremo que aprobou a Comisión de Investigación é de 1999, con algunhas modificacións ao longo destes últimos anos.

Na actualidade, o desenvolvemento da investigación no contexto nacional e europeo e o recoñecemento de indicadores nacionais e internacionais por distintas instancias fan necesaria unha revisión do baremo actual.

Por tanto, ao termos en conta a experiencia que se adquiriu así como os referentes externos, cómpre revisarmos os criterios de avaliación da produción científica. Nestes criterios debe primar a calidade, establecéndose, se for necesario, políticas específicas para reforzarmos diversas actividades investigadoras, así como a simplificación do proceso avaliador. O baremo pretende avaliar resultados estandarizados para unha asignación económica a departamentos/áreas, institutos ou grupos de investigación, como un incentivo (mais non único) para potenciar a actividade investigadora. O presente baremo non está deseñado especificamente para unha avaliación integral da actividade investigadora individual nin para outros fins distintos do reparto económico a que se fixo referencia.

Outro aspecto que hai que considerar é a supresión da aplicación de coeficientes de experimentalidade que se utilizou ata agora, xa que este criterio xera confusión e distorsiona o reparto orzamentario dos departamentos e dos institutos universitarios de investigación, ao impedir aos distintos ámbitos de coñecemento estar en condicións de igualdade para tender á calidade e á excelencia. A posible existencia de grupos de investigación multidisciplinares é outro factor que fai difícil a aplicación destes coeficientes. Os criterios que se propoñen non pretenden establecer ningunha xerarquía de produción, senón estandarizar os resultados da investigación cara a unha asignación económica.

Así mesmo, os cambios que se propoñen no procedemento, cunha maior publicidade da información sobre a produción científica e a posibilidade de recurso se proceder, suporán un incremento das garantías para os/as investigadores/as e a posibilidade real de coñeceren a valoración da súa produción, aínda que a súa canalización sexa por departamento, por instituto ou por grupo de investigación e non individualmente.

CRITERIOS XERAIS

- Avaliaranse os méritos que correspondan a tres anos. Teranse en conta os tres anos anteriores a aquel en que se solicitan os méritos (por exemplo, en 2005, solicitarase a de 2002, 2003 e 2004).
- Os méritos avaliaranse cando no documento que corresponda (artigo, libro, tradución, ditame etc.) figure expresamente, sempre que sexa posible, que o/a autor/a é da UDC, agás que nese momento aínda non se incorporase á universidade. Non se valorarán as contribucións en que a persoa que asine, aínda que sexa membro da UDC, faga constar exclusivamente a súa pertenza a unha **institución diferente da Universidade da Coruña**.
- Non se considerarán os méritos que non foren acreditados debidamente.
- Só se avaliarán os méritos daquelas persoas que foren membros da UDC no momento da solicitude e así o fixeren constar.
- Non se pode presentar un mesmo mérito en dous apartados distintos. Cando un mérito se presentar nun apartado que non corresponder, será trasladado de oficio ao seu apartado correspondente.
- Avaliaranse méritos en distintos soportes (papel, electrónico, magnético, *on-line* etc.), sempre que estes cumpran os criterios que se requiren para o seu recoñecemento (ISBN, ISSN ou equivalentes).
- A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, resolverá calquera dúbida ou fará calquera aclaración e poderá solicitar o asesoramento que estimar conveniente para a avaliación dos distintos méritos presentados. Así mesmo, velará porque non se produzan duplicacións de méritos.
- No caso de se presentar un artigo nunha revista que non estiver recollida nos criterios ou nas relacións de PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS da Vicerreitoría de Investigación, este acompañarase da solicitude para a súa inclusión, achegando a documentación necesaria para a súa clasificación nos grupos B ou C.

CRITERIOS ESPECÍFICOS

1.- Artigos en revistas (tanto en papel impreso como en formato electrónico)

Grupo A. Revistas que aparecen indexadas nas relacións por ámbitos científicos no "Subject Category Listing" do Journal Citation Reports do Science Citation Index (SCI), do Social Sciences Citation Index (SSCI) e do Arts and Humanities Citation Index (AHCI) (Institute of Scientific Information, -ISI- Philadelphia, PA, USA). Considéranse neste apartado para as áreas de humanidades e de ciencias sociais as revistas que aparecen clasificadas como tipo A pola UCUA (http://www.ucua.es/ucua/id_listados.html) e/ou no catálogo elaborado polo DURSI (Departament de Universitats, Recerca i Societat de la Informació de la Generalitat de Catalunya) (http://www10.gencat.net/dursi/ca/re/aval_rec_sist_pc05_llistes.htm)

Grupo B:

Son aquelas revistas que, aínda que non se atopan no apartado anterior, teñen censores externos, comités editoriais e mais científicos, periodicidade e regularidade na súa publicación, e figuran nas seguintes bases de datos que son catálogos de publicacións periódicas:

- Agrícola
- America: History and Life
- Analytical Abstracts
- Applied Mechanical Reviews
- Applied Science and Technology Index

Avery Index to Architectural Periodicals
 BHA (Bibliography of the History of Art)
 Bibliographie Linguistique/Linguistic Bibliography (BL)
 Bibliography of the History of Arts (RLG)
 Biological Abstracts
 CAB Abstracts
 Chemical Abstracts
 CINAHL
 Econlit (Electronic database of the Journal of Economic Literature)
 EiCompendex
 EMBASE
 Environmental Abstracts
ERIC
 FRANCIS
 Geobase
 Georef
 Historical Abstracts
 Human Resources Abstracts
 Index to Foreign Legal Periodicals
 INSPEC
 Internacional Bibliography of the Social Sciences
 Internacional Development Abstracts
 International Bibliography of Periodical Literature in Humanities and Social
 IPA
 Sciences (IBZ),
 International Civil Engineering Abstracts
 International Medieval Bibliography
 Latindex,
 Library and Information Science Abstracts
 LLBA, Linguistics and Language Behavior Abstracts
 Mathematical Reviews
 Medlaine
 MLA, Directory of Periodicals
 PASCAL
 Philosopher's Index
 PsycInfo, Psychological Abstracts
 Répertoire Bibliographique de Louvain
 RILMS Abstracts of Music Literature
 Sport Discus
 THE SERIALS DIRECTORY
 TRIS Electronic Bibliography data
 Zentralblatt für Matematik

A relación de bases de datos poderá ser actualizada pola Comisión de Investigación, que informará ao Consello de Goberno dos cambios que se produzan e o publicaraa na páxina web da Vicerreitoría.

Grupo C: Son aquelas con ISSN, comité editorial e referato externo que non están recollidas en bases de datos de publicacións periódicas, sempre que se xustificar o **carácter científico** da revista.

Non se incluírán publicacións de divulgación, de difusión ou de opinión etc.

VALORACIÓN:

A: 8 puntos

B: 4 puntos

C: 2 puntos

2.- Libros

Considerarase neste apartado como libros ou capítulos de libros, de ser o caso, os seguintes tipos de publicacións sempre que conteñan resultados **de investigación**: monografías, edicións críticas (excepto o que son antoloxías, seleccións ou mesmo edicións completas sen aparato crítico e estudo previo), informes (que fosen presentados e desenvolvidos como un traballo científico), discos compactos, vídeos e traballos audiovisuais, traducións de libros que conteñan un estudo da obra, un xuízo crítico ou unhas anotacións que se deriven dunha investigación.

Valoraranse soamente os libros que tiveren ISBN ou requisito equivalente para formato distinto de libro, de acordo coas normas internacionais.

A avaliación dos libros e capítulos de libros farase tendo en conta a calidade da editorial segundo o seu prestixio nacional ou internacional, o grao de esixencia e o rigor científico nos procesos de selección dos traballos publicados, dos editores, da colección en que se publica o traballo ou a obra, a amplitude da obra etc. Establécense tres categorías para a súa valoración:

	Autoría de libro completo	Edición ou coordinación de libro	Autoría de capítulo de libro
A	14 puntos	4 puntos	6 puntos
B	8 puntos	2 puntos	3 puntos
C	4 puntos	1 punto	1 punto

A suma dos capítulos dun mesmo libro non poderá superar a puntuación que correspondería polo libro completo.

Na categoría A inclúense os libros de difusión internacional e rigor científico demostrado nos procesos de selección dos traballos publicados; na categoría B inclúense os libros con difusión nacional e o mesmo rigor científico que no caso anterior; na categoría C inclúense aqueles libros que non estean nas dúas categorías anteriores.

En todo caso o mérito do libro será xulgado pola Comisión de Investigación, cos asesoramentos que estime oportunos.

Non son valoradas como monografías as edicións impresas ou electrónicas das teses de doutoramento (agás cando experimentaren unha revisión e unha remodelación profunda con posterioridade á súa defensa pública e/ou fosen sometidas aos mesmos criterios de rigor que se lles esixe ao resto de publicacións), as teses de licenciatura, os proxectos de fin de carreira, as reedicións de libros non revisados ou ampliados, os libros de texto ou docentes agás que cumpran os anteditos criterios de rigor e sexan de especial relevancia no seu ámbito de coñecemento, os casos ou os supostos prácticos que teñan como obxectivo prioritario serviren de apoio na docencia, as publicacións que estiveren relacionadas con cursos ou xornadas de formación, nin as publicacións que se derivaren de calquera tipo de evento (inclúense no apartado 5 de publicacións derivadas de congresos).

3.- Outras contribucións en publicacións

Case reports, casos clínicos, notas clínicas, recensións, comentarios de sentenzas ou de traballos doutros/as autores/as, comentarios bibliográficos e editoriais. Ademais incluíranse neste apartado as voces de dicionario, enciclopedia e repertorios bibliográficos.

Só se considerarán as contribucións que representaren achegas novidasas, que estiveren formuladas e desenvolvidas como un traballo científico e non se reduzan a simples aplicacións repetitivas dun mesmo método ou técnica a casos semellantes ou a simples aplicacións inmediatas de coñecementos que estiveren establecidos.

Non se valorarán as simples compilacións legislativas, aínda que inclúan anotacións sobre disposicións concordantes, complementarias ou derogadas, os comentarios de sentenzas que sexan unha simple glosa delas nin os ditames e os informes técnicos que non fosen publicados.

VALORACIÓN. Segundo o tipo de publicación, de acordo cos criterios do apartado 1:

A: 1 punto

B: 0.5 puntos

C: 0.25 puntos

4.- Valoración de actividades que inclúen elementos de creación artística, proxectos arquitectónicos, proxectos urbanísticos, proxectos de enxeñaría etc.

Os traballos creativos deberán producir unha repercusión medible no seu contorno e ter un recoñecemento amplo. Terase en conta o seu carácter innovador que estará constatado polos premios e polas distincións que recibise, a valoración de proxectos que se presentasen a concursos, o seu impacto na literatura especializada nacional e internacional ou que fosen amosados en exposicións con catálogo. Igualmente valorarase a participación relevante en exposicións de prestixio, de carácter monográfico que estivesen dedicadas a un único autor.

Concursos. Para a avaliación como actividade investigadora teranse en conta os seguintes conceptos: accesibilidade ao coñecemento (as obras premiadas nun concurso deben ser accesibles para a comunidade científica), revisión por pares (as obras premiadas nun concurso tiveron que ser seleccionadas por un xurado ou por unha comisión cualificada); indicios de calidade a través do impacto que xeran en publicacións especializadas.

VALORACIÓN:

	Concursos internacionais	Concursos nacionais
Primeiro premio	12 puntos	8 puntos
Resto de premios	6 puntos	4 puntos
Mencións	3 puntos	2 punto

Recoñecemento do valor da obra dun autor/a:

Exposicións con catálogo de carácter monográfico	ata 8 puntos
Exposicións con catálogo de carácter colectivo	ata 4 puntos
Premio ao conxunto da obra	ata 8 puntos
Premio a unha determinada obra construída	ata 4 puntos
Edición do conxunto da obra	ata 8 puntos
Edición sobre obras concretas de valor singular	ata 4 puntos

A Comisión de Investigación, cos asesoramentos que estime oportunos, avaliará este recoñecemento segundo a notoriedade e o impacto da obra e as características da exposición, do premio ou da edición.

5.- Contribucións presentadas en congresos, conferencias, simposios, seminarios ou outros tipos de reunións de relevancia científica (valoraranse as publicacións en papel impreso ou en formato electrónico que se deriven tanto de congresos presenciais como electrónicos; as comunicacións extensas ou *proceedings* deben estar recollidos en publicacións con ISBN ou requisito equivalente caso de formato distinto ao papel impreso).

Ámbito A: congresos internacionais con comité científico e comité organizador que estean integrados por membros que pertencen a 3 ou máis estados e que estean avalados por unha asociación ou por unha organización de carácter científico recoñecido.

Comunicación extensa ou <i>proceeding</i> (texto completo)	1.5 puntos
Comunicación breve (resumo ou <i>abstract</i>)	0.75 puntos
Conferencia plenaria ou relatorio por invitación	2.25 puntos

Ámbito B: congresos con comité científico e comité organizador que estiveren avalados por unha asociación ou por unha organización de carácter científico recoñecido.

Comunicación extensa ou <i>proceeding</i> (texto completo)	1 puntos
Comunicación breve (resumos ou <i>abstract</i>).	0.5 puntos
Conferencia plenaria ou relatorio por invitación	1.5 puntos

Ámbito C: congresos con comité científico e/ou comité organizador.

Comunicación extensa ou <i>proceeding</i> (texto completo)	0.5 puntos
Comunicación breve (resumos ou <i>abstract</i>)	0.25 puntos
Conferencia plenaria ou relatorio por invitación	0.75 puntos

Valoraranse aquelas comunicacións dos congresos que se definiron anteriormente, e que non se publicaron en libro de actas nin electronicamente, se a documentación que se achega demostra que esa comunicación se presentou. En todo caso, esta valoración terá a metade do valor das comunicacións breves publicadas en actas.

Se a comunicación se recoller nun traballo completo que fose publicado non no libro de actas senón nunha publicación periódica, daráselle a puntuación que lle corresponder en función do apartado 1, mais non se computarán neste caso neste apartado 5.

6.- Teses de doutoramento.

Sobresaliente <i>cum laude</i> (ou apto <i>cum laude</i>):	10 puntos
Sobresaliente:	8 puntos
Notable:	5 puntos
Aprobado (ou apto):	2 puntos

Caso de non especificar a cualificación, considerarase a puntuación mínima.

Ás teses con mención de doutoramento europeo engadiráselles 1 punto se a cualificación for sobresaliente *cum laude*, apto *cum laude* ou sobresaliente. Así mesmo, engadirase 1 punto pola obtención de premio extraordinario.

7.- Rexistros da propiedade intelectual e industrial

Internacional: concedida	4 puntos	en explotación	10 puntos
Nacional: concedida	2 puntos	en explotación	6 puntos

Non se considerarán as patentes ou prototipos en trámite

8.- Sexenios activos que se concedan no período avaliado

Puntuación: 5 puntos por sexenio concedido que corresponda temporalmente ao período avaliado.

9.- Proxectos, contratos e convenios

Un dos aspectos máis visibles da situación da investigación e da transferencia de tecnoloxía na universidade é a súa capacidade de captación de recursos externos. O financiamento externo na actualidade é, non só un mérito, senón unha necesidade e define o perfil dunha universidade. Esta captación de recursos pode facerse a través de convenios ou contratos ou ben por concorrencia a convocatorias públicas, a nivel autonómico, nacional ou internacional, especialmente no contorno europeo .

A valoración deste apartado, que representa a capacidade de captación de fondos dunha/dun área/departamento, instituto ou grupo, non se fai por puntos senón que se fará unha contribución económica directa segundo os seguintes criterios:

- Dos contratos detraeráse para o departamento, para o instituto ou para o grupo a parte que regulamentariamente se establecer.
- Nos convenios regulamentarase a reversión de fondos para o departamento, para o instituto ou para o grupo que vaia desenvolverlos, sempre dentro das normativas de carácter superior que puideren existir.
- Dos proxectos que se obtiveren en convocatorias públicas e competitivas farase reverter, no equipo investigador, unha porcentaxe dos custos indirectos que se obtiveren por anualidade. Este procedemento ten en conta a cantidade obtida, pero é necesario tamén valorar o tipo de convocatoria, polo que se establecen as seguintes porcentaxes: 14% no caso de proxectos de convocatorias autonómicas, 16% no caso de convocatorias nacionais e o 20% no caso de convocatorias europeas ou convocatorias internacionais equivalentes. Así mesmo, esta reversión realizarase nos mesmos termos, en calquera tipo de axuda que se obteña en convocatoria pública que leve asociados custos indirectos.

PROCEDEMENTO

Para procurarmos garantir a publicidade e a transparencia do proceso unha vez que finalice o prazo de presentación de méritos, estes serán revisados na Vicerreitoría de Investigación para a súa verificación e para a súa avaliación e poderase pedir a documentación complementaria que se considerar oportuna. A Comisión de Investigación valorará os méritos que se correspondan coa documentación que se presente.

Cando se completar o proceso de valoración de toda a produción científica, a Vicerreitoría publicará os resultados deste na web <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vi/> , o que se comunicará a todo o PDI. Cada investigador/a da UDC poderá acceder a esta coa súa chave de usuario, para comprobar a valoración dos distintos méritos así como a causa, en caso de que haxa méritos non válidos. Abrirase un prazo para reclamacións, que serán estudadas pola Comisión de Investigación e, posteriormente, publicarase na web interna da UDC a valoración definitiva.

O procedemento consta das seguintes partes:

1. Actualización do catálogo de investigadores/as
2. Introducción dos méritos dos anos correspondentes (por exemplo, en 2005 os de 2002, 2003 e 2004) na aplicación e remisión da documentación acreditativa ao Servizo de Investigación
3. Revisión e avaliación dos méritos que se introducen
4. Avaliación preliminar, que se publicará na intranet, e período de reclamacións
5. Avaliación definitiva da produción científica que se publicará na páxina web interna da UDC

Así mesmo, a relación de publicacións periódicas, que se inclúen en cada unha das categorías que se definen no baremo, estará a disposición na páxina web da Vicerreitoría de Investigación. Porase en marcha un mecanismo para poder solicitar a inclusión ou a reclasificación deste tipo de publicacións.